

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE A LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os efectos do cambio climático están ocasionando na nosa comunidade e, polo tanto, tamén no noso concello, desordes nas condicións atmosféricas, longos períodos de seca, temperaturas extremas e tamén a chegada de novas especies animais, como xa mencionamos no caso das cegoñas. Unha das ameazas á que nos vemos sometidos nos últimos anos é a praga da VESPA ASIÁTICA ou VELUTINA.

Esta Praga estase a converter nun problema de grande risco para a veciñanza. Por una banda , afecta negativamente ó sustento das familias adicadas ao desenvolvemento da produción de mel e de cultivos , dado que esta especie ten como prioridade aniquilar os niños de abellas , árbores froiteiras e colleitas . Dende a perspectiva medioambiental , o ciclo de desenvolvemento no que se atopa esta especie está a condicionar a outras que forman parte do seu hábitat , as cales se ven ameazadas ante o exterminio que se está a dar por onde se establece . Pero, por outra banda , existe un problema áinda maior ca estes : o risco para a vida dos nosos veciños. Até o dagora era pouco frecuente que as vespas atacaran ás persoas, pero neste pasado verán, desgraciadamente, comprobouse que os ataques aumentaron en número, chegando incluso a causar a morte de varias persoas. Esta especie muda os seus hábitos e adáptase e espállassese con maior facilidade no noso entorno.Cando antes só construían os seus niños nas árbores , e o perigo era máis reducido, agora atópanse niños nos lugares más insospeitados: debaixo de tellados , nunha parede dun supermercado , nas sebes ou ata con parte baixo terra.

No ano 2014, según os datos da Xunta de Galicia, na provincia de Lugo eran 14 os concellos afectados pola Praga. Na actualidade, os datos falan dun total de 56, áinda que a Xunta só admite ter constancia de niños en 11. Por desgraza, o noso propio concello non está libre de tal epidemia. Moitos dos nosos veciños comunicaron a existencia de niños ó 112, áinda que , na maioría dos casos, non recibiron axuda. O propio concello tivo que retirar parte deles: un na vila e máis de cinco en zonas rurais coma Nogueira ou Veiga, véndose obrigado a proporcionar un servizo para o cal non conta con medios nin con persoal especializado, e realizando a retirada dos mesmos niños ante a preocupación evidente da veciñanza.



Por todo o anteriormente exposto, proponese ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1) Instar á Xunta de Galicia a que declare oficialmente como PRAGA a Vespa Velutina na nosa comunidade, coa inxección económica que iso conleva para protexer á veciñanza dos problemas e riscos aos que se atopa exposta .
- 2) Instar ao concello á elaboración dun informe medioambiental no que se detalle a existencia do número de niños dos que se tivo constancia neste ano no noso concello , ademais de incluir en dito informe , a problemática que causou á propia entidade local a retirada dos mesmos e que dito informe se remita á Xunta de Galicia .
- 3) Instar á Xunta de Galicia á formación e creación de grupos de axentes medioambientais destinados á loita contra esta Praga

Chantada, 5 de novembro de 2018,

Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada

